

COMISIÓN DE PERSOAL ORZAMENTOS E MESA XERAL LEI DE MEDIDAS 2024

Santiago de Compostela 18/10/23

RESUMO DE ALEGACIÓNS DE UGT NA MESA XERAL E NA COMISIÓN:

Como cuestión previa deixar constancia de que a Administración un ano máis achega a documentación con falta de tempo para o seu análise, e solicitamos:

- **Completar a derogación da lei 1/2012**, por considerala extemporánea, logo de 10 anos en vigor (era unha medida urxente e provisional). Ademais, esta petición ten soporte normativo desde a entrada en vigor da Lei 31/2022, de 23 de decembro de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, que na súa Disposición Final Vixésimo Primeira establece a modificación de determinados artigos e disposicións do RD Lei 20/2012.
- Homologar a xornada máxima semanal a **35 horas**, coas restantes administracións autonómicas, estatal, e mesmo de Organismos da propia Xunta de Galicia. Aberta a negociación colectiva a implantación a xornada semanal de 35 horas; e isto, trala modificación introducida na disposición final vixésima da Lei 31/2022 de Orzamentos Xerais do Estado para 2023 que modifica o apartado 2 da disposición adicional 144 da Lei 6/2018, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018). Galicia é unha das dúas CCAA que non recoñece a xornada de 35hs.
- **Acabar coa a discriminación** que supón para o **persoal funcionario** o **recorte** que se mantén nas **pagas extra**.
- Un acordo plurianual para ir recuperando as restantes axudas do **FAS**, que seguen suspendidas.
- Desenvolvemento da **carreira ordinaria** para persoal funcionario e laboral.
- A actualización das **indemnizacións por Km a 0.26** e as axudas de custo.
- Desenvolver un **novo modelo de promoción interna** e a promoción interna temporal.
- **Recoñecemento dos trienios** perfeccionados como persoal temporal, unha vez adquirida a condición de persoal funcionario por procesos ordinarios de oposición, tal e como así se recoñeceu en Mesa Xeral no mes de febreiro deste ano a pregunta desta organización.
- Incremento de traballo do persoal Fixo-Descontinuo de 6 a 12 meses.
- Desenvolver normativamente o **grupo B**.
- Novo decreto de **listas**.
- **Concurso de traslados aberto e permanente**.
- Modificar tipificación de **faltas disciplinarias por violencias ou acoso no traballo**.
- **Solicitamos se adiara ata maior estudo a supresión do artigo 173 . 3 da LEPG** de excedencia cando se solicita para desempeño de postos de carácter temporal ou interino.
- **Solicitamos se adiara a inclusión en OPE das prazas que se estimen quedaran vacantes nos seguintes dous anos** das que se convocan no ano natural por taxa de reposición .
- Incluir o **permiso parental de 8 semanas** recollido na modificación do **TREBEP** en aplicación do RDL 5/2023.
- **Reiteramos alegacións feitas no ano 2023** sobre modificacións de funcións de certas escalas, de denominación como TCAE, de creación de escalas de inclusión...



MESA XERAL: ANTEPROXECTO DOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2024: MATERIA DE PERSOAL CAPÍTULO I.

A Directora Xeral de Orzamentos, expón o contido do anteproxecto cifrando en 4.867,6 millóns de euros a partida orzamentaria do Capítulo I, o que supón un 6% máis que en 2023 (274,15 millóns). As principais magnitudes son:

- Incremento do 0,5% vinculado ao IPC, a percibir con carácter retroactivo do 01/01/2023.
- Incremento fixo do 2% previsto polo Estado e que se habilitará cando así o faga o Goberno estatal.
- Nos primeiros meses de 2024 o incremento derivado do PIB nominal que supón o 0,5% si este supera o 6% e que se fará efectivo en canto se coñeza o dato.
- Incremento ligado ao IPC en función da variación dos anos 22-23-24, que se coñecerá en 2025.
- Incrementos en retribucións complementarias derivados da carreira profesional en Administración Xeral, SERGAS e Xustiza.
- Melloras derivadas dos acordos sectoriais acadados nos ámbitos de SERGAS, Ensino e Política Social.
- Creación de 3 unidades xudiciais de 1ª instancia en A Coruña, Lugo e Pontevedra.
- Incremento de prazas MIR (88), novas prazas de saúde mental (17).

Ante a exposición das OOSS o DX da Función Pública responde:

- Sobre o **persoal F-D** están traballando sobre a posibilidade de incluír na Lei de medidas algunha disposición ao respecto da posibilidade de permitir a compatibilidade nos períodos de non contratación. Non quixo avanzar máis sobre esta cuestión porque actualmente o teñen en estudo.
- Sobre a eliminación da **taxa de reposición** e as peticións realizadas sobre as **pagas extraordinarias do persoal funcionario**, igual que cando falamos da **xubilación parcial**, responde que non é competencia da Comunidade Autónoma, se non do Goberno do Estado.
- Sobre a inclusión do **permiso de 8 semanas**, regulado non RD Lei 5/2023 di que é directamente aplicable como non retribuído, e así se desenvolverá.
- Ao respecto do **FAS** comenta que si é certo que se puido ter avanzado nesta cuestión, pero que a decisión foi optar por ir acordando incrementos que se plasmaron en acordos de condicións de traballo, varios dos que se asinaron este ano.
- Sobre o recoñecemento da xornada de 35 horas, comenta que non hai cambios na posición da administración e que co cómputo medio da xornada de verán, xa se fai menos.
- Se modificará o Decreto de listas
- Se revisará que falta por substituírse con nova regulación das suspensións da Lei 1/2012

COMISIÓN DE PERSOAL: ANTEPROXECTO DA LEI DE MEDIDAS, MATERIAS DE PERSOAL PARA O ANO 2024

O Director Xeral da Función Pública expón as modificacións realizadas dende a reunión anterior, antes de ser sometida a votación:

- Disposición adicional decimo oitava. **Prazas adicionais nas convocatorias de procesos selectivos:**



Engaden que: *no caso que as convocatorias contemplan unha quenda de promoción interna de acordo co previsto na correspondente oferta de emprego público, terá prioridade para elección de destino a dita quenda, acumulándose as prazas non cubertas ás de acceso libre.*

- Na **disposición adicional sobre listas de contratación de perfís sanitarios**, actualizan as denominacións ás correspondentes ao persoal funcionario e colócase de última opción, para a súa cobertura, acudir ao Servizo Público de Emprego.

Sen máis novidades no momento da votación e anunciando que pode introducirse algunha cuestión máis no tramite parlamentario pola vía de emendas.

UGT: en contra. CIG: en contra. CCOO: en contra. CSIF: en contra.

Sentido do voto de UGT:

Atendendo a que as alegacións realizadas, na súa inmensa maioría non son tidas en consideración, procede o **voto en contra** desta organización.

